

Abuín de Tembra sempre vogando por Galicia

Cumpríronse dous anos do pasamento do insigne poeta Avelino Abuín de Tembra. Escritores e intelectuais galegos lembran -con agarimo e recoñecemento- a figura e a obra do literato nado en Dodro, na parroquia de San Xoán de Laíño.



Xosé Luís Méndez Ferrín
Presidente da Real Academia Galega

- “Logo veu a revelación de Abuín de Tembra como poeta, a quen hai que valorar pola perfección formal, pola excelencia da súa lingua e por unha autenticidade que por veces nos conmove cos contidos graves e radicais”
- “O sentimento de Abuín de Tembra era nacional. Vía Galicia enteira como unha grande república de homes e mulleres humildados en procura do Sol da dignidade”

Francisco Fernández Rei
Vicesecretario da Real Academia Galega

- “En momentos de duro silencio, as iniciativas culturais de Abuín eran fisgoas polas que entraban raiolas que visibilizaban a proscriba lingua galega e tamén as persoas que arelaban un país culto e galeguizado”

Salvador García-Bodaño
Membro da Real Academia Galega

- “A súa actitude vital na dobre vertente de difusor cultural e de creador literario, poeta e xornalista, constituíu un exemplo xeneroso e remarcou a súa personalidade como mestre, home magnánimo e liberal, orgulloso e defensor do seu pobo”

Gonzalo Salgado

ESPECIAL

Lembranza de Abuín de Tembra no segundo cabodano

● ● ● ➔ por **MANUEL DOURADO DEIRA**
Columnista de prensa e membro da Fundación Castelao

Querido amigo: Foi nos albores daquel 1º de marzo de 2009 cando as parcas decidiron segar os delicados e imperceptibles fíos que te mantiñan ancorado a esta vida terreal. Compartimos soños e realidades nesa encrucillada con perspectivas de incertezas e futuribles que nos obrigan a unha persistente elección.

É obvio que cada un de nós tiña as súas propias singularidades como todo ser humano. Pero compartíamos conviccións de fe na Vida e na esperanza da súa transcendencia. Por iso, ti encarrabas os conflitos vitais con esa enteireza dos homes de coraxe que saben que as limitacións do

ser humano lévano ao erro e cómpre rectificar. Custábache dar o brazo a torcer; pero cando as secuelas eran de gravidade, non dubidabas en pedir consello aos amigos, que os tiñas e que hoxendía permanecemos fieis á túa memoria.

Porque, no fondo, a túa personalidade enraizaba nunha gran bonhomía envolta en certa timidez que anhelabas superar, ás veces, con impulsiva imperatividade. Non sempre atinabas coa mellor solución (*humanum est errare*). Entón, solicitabas consello previo á obrigada rectificación. Dialogabamos e incluso discutíamos sobre estes temas, subidos a aquel paradisíaco

co outeiro que ti poeticamente denominabas a Bouza Inxel. Desde a ampla galería, contemplabamos, extasiados, a frondosa inmensidade verdescente das praderías de ámbalas mares do Pai Ulla, desde Carril a Pontecesures: Rosalianas Brañas de Laíño, leirados de Cordeiro, piñeirais de Catoira e Isorna; Faustino Rey Romero, a cantina da Estación, o efémero Ateneo do Ullán, Baldomero Isorna, os Bouza-Brey... En fin, recitabamos versos dos teus poemarios como *Camiños*, *Home ao pairo*, ou *Roldas de Compostela*. Comentabamos a túa antoloxía sobre a que chamabas, con certa prosopopea, a miña Señora



Avelino Abuín e Manuel Dourado nun acto en Rianxo

dona Rosalía, etc., etc.

Cofundador dos Pedróns, de Ouro e de Honra; a túa enorme produción periodística; os comentarios que popularizaron as bandas de música de Galicia e que contribuíron a un renacer da música bandística popular... En periodismo, cantas polémicas, desplantes e incluso insultos nos traía esta parcela na que pretendíamos o ben dos pobos das zonas respectivas, cun pe-

riodismo directo, veraz e obxectivo. Ás veces, tiñamos que nos auxiliar mutuamente: Ti descendías á Barbanza; eu subía a Pardegua cara os Laíños. Fecunda e fraternal colaboración, inesquecible amigo. Deste modo, xuntos, contribuímos a resolver moitos problemas.

En fin, amigo, queda moito por dicir sobre a túa rica personalidade; pero o espazo manda. Paz e ben.

IMAXES DUNHA VIDA CONSAGRADA Á DEFENSA E Á DIVULGACIÓN DA CULTURA GALEGA



A. Abuín de Tembra foi o fundador e director da Coral Polifónica de San Xoán de Laíño



Abuín con Xosé Manuel Beiras

